

PROGRAMA DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DIRIXIDO A MENORES “INMEGUI”

O Concello de Guitiriz conta con este programa que ten como finalidade a de ofrecer unha atención socioeducativa individualizada non formal ás familias, con contidos e actividades de carácter preventivo e de integración para garantir a convivencia, facendo especial fincapé na atención e o coidado; todo isto dende unha perspectiva do bo trato e dunha parentalidade positiva. Está destinado a maiores e menores e sempre cunha perspectiva de empoderamento feminino.

Dun xeito máis específico os contidos que se abordan son: a educación para a saúde, os hábitos hixiénicos, a sexualidade, a alimentación, a organización da economía familiar, a corresponsabilidade no fogar e nos coidados. Garantir un tempo de ocio e libre con calidade; finalmente educar nas emocións.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DESENVOLVEMENTO
REXIONAL

Unha maneira de facer Europa

“Esta actuación enmárcase dentro do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER ou FSE Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación”.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social

